

## ¿Que é un club de lectura?

Unha actividade aberta e gratuíta, dirixida a todas as persoas que disfrutan lendo e queren compartir a súa experiencia e as súas impresións con outras que tamén son –ou queren chegar a ser– afeccionadas á lectura.

## En que bibliotecas se realiza esta actividade

- Biblioteca Pública Municipal do Grilo - Cacheiras
- ALM Os Tilos (Casa Común dos Tilos)

## ¿Quen pode participar?

Calquera persoa que o desexe (ata o máximo de participantes que se estableza en cada club de Lectura).

As inscricións realizaranse por un destes medios:

- No mostrador das bibliotecas
- Por internet a través dos correo electrónicos: [mediateca@teo.gal](mailto:mediateca@teo.gal) e [bibliotecatilos@teo.gal](mailto:bibliotecatilos@teo.gal)

## ¿Por que asistir a un club de lectura?

A gran aceptación que teñen os clubs débese a que reúnen dous alicientes:

- Lectura persoal e privada.
- Posibilidade de compartir esa lectura con outras persoas.

Polo xeral as opinións dos membros do grupo enriquecen moito a impresión inicial que cada un saca lendo en solitario. Os comentarios doutros lectores iluminan extraordinariamente a nosa propia lectura.

O apoio do grupo é tamén moi positivo no caso dos libros máis esixentes, que retraen a moitos lectores cando se enfrontan a eles en solitario, pero que se len con gran facilidade se se fai con outras persoas ó mesmo tempo.

## ¿Como funciona un club de lectura?

As Bibliotecas adquiren a cantidade suficiente de exemplares dese título para que cada participante dispoña do seu durante o tempo necesario. A lectura faina cada un na súa casa e ó seu propio ritmo pero –con carácter periódico– reúnen todos/as para comentar o que se leva lido dende o encontro anterior. Un moderador/a encárgase de centrar os debates –que sempre teñen un carácter amigable e desenfadado–, de formular aquelas cuestións que estimulen a intervención de todos os membros do grupo, de facer que se respecten as quendas de palabra, de axustar os tempos de participación...

O persoal das bibliotecas presta o seu apoio para todo aquilo que contribúa a enriquecer

a lectura, asesorando e facilitando ós lectores o acceso a toda información ou datos que contribúan ó mellor entendemento e comprensión dos textos.

O que debes saber sobre o club de lectura:

- **Non** é necesario ler en alto nas sesións.
- **Non** hai que intervir forzosamente nos debates.
- **Non** ten que comprar o libro cada un.
- **Non** hai que pagar nada para pertencer ó club.
- **Si**, lese casa dunha forma persoal.
- **Si**, pódese acudir ás reunións aínda que non se tivera tempo a ler todo o fragmento marcado.
- **Si**, pode haber a posibilidade de facer actividades culturais complementarias.

## ¿De que se fala no Club de Lectura?

Nas reunións débátese libremente sobre calquera aspecto do que se leu: o estilo literario, a acción mesma, os personaxes, os diálogos... e é bastante frecuente derivar dende o libro ás experiencias persoais dos/as participantes no club.

En cada reunión decídese o fragmento de libro que se vai ler nos días posteriores, e é este unicamente o que se comenta na seguinte. Dende logo, calquera ten dereito a superar ese límite, pero non pode desvelar ós seus compañeiros e compañeiras o que sucede despois do punto marcado.

## ¿Cando se celebran as reunións?

Quincenalmente ou mensualmente dependendo do ritmo de lectura. En calquera caso, dende a biblioteca informarase a todos/as os/as participantes coa debida antelación.

# INSCRICIÓN NOS CLUBS DE LECTURA DAS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS DE TEO

NOME E APELIDOS:

IDADE:

TELÉFONO DE CONTACTO:

CORREO ELECTRÓNICO:

CARNET DA BIBLIOTECA:                      SI                      NON

LINGUA DAS LECTURAS\*                      GALEGO                      CASTELAN

LUGAR\*                      BPM DO GRILO-CAHEIRAS                      CASA COMÚN DOS TILOS

HORARIO:

OBSERVACIÓNS:

\*No caso de non ter preferencia deixar sen cubrir